

Alfredo Marcos, profesor de filosofía da Universidade de Valladolid

Os científicos achéganse máis aos medios e entenden que os necesitan

Juan R. Coca *Texto*

O impacto dos medios de comunicación na actividade tecnocientífica e desta nos propios medios fai moi importante que entendamos esta relación. Semella que entre uns e outros non existe un bo entendemento, polo que é preciso saber como se pode mellorar a situación. Por iso, quixemos conversar cun dos maiores especialistas en filosofía da comunicación en España.

Vostede é un dos grandes especialistas na reflexión sobre a teoría da información. Cando comezou a interesarse neste eido?

Eu fixen a tese doutoral na Universidade de Barcelona con José Mosterín sobre o concepto de información en bioloxía. Fálase de información xenética, inmunolóxica ou neurolóxica, pois ben, a miña idea era ver en que consistía a información, en sentido amplo, en bioloxía. Semella que a bioloxía vai cara a un

paradigma informacional, semella tamén que todos os procesos biolóxicos están sendo entendidos en termos de información: transferencia de información, codificación da mesma, etc... Mais eu quixen ir máis aló. O concepto de información é suficientemente amplo para que, dende aí, poidamos ir cara a outros lugares intelectuais. Por exemplo, a través da teoría da información podemos conectar co xornalismo, coa información no sentido en que a empregan os xornalistas. Na miña tese, e dende unha ollada histórica, achegueime ao pensamento aristotélico e atopeime un tesouro de textos adicados á bioloxía que amosan unha visión compasiva dos animais moi interesante. Tanto foi así, que me quedei nese tema unha tempada e cheguei a publicar una biografía novelada de Aristóteles.

...que foi publicada en galego e en Baía.

A de Baía é unha segunda versión que está pensada para rapaces de instituto, a primeira novela ten máis entidade e é mais complexa a nivel narrativo. Logo desta obra, pedíronme que fixera o libro para os institutos.

Parabéns polo libro, encantoume velo xa que, por desgraza, coido que non temos moita filosofía en galego e menos de bioloxía. Volvendo ao concepto de información, podemos dicir que nós temos creado a información ou, polo contrario, que a información está en nós?

Está no mundo... Un teórico clásico da información chamado Prestke di que "no comezo era a información". É dicir, a información é algo obxectivo, que está na realidade. Ben. Logo de traballar moitos anos sobre isto, cheguei á conclusión de que a información é unha relación na que interveñen un acontecemento que chamamos mensaxe (de calquera tipo), un receptor (que é o aspecto subxectivo) e un sistema de referencia. A información consiste, entón, na relación entre estes tres polos. Na información interveñen estes tres polos e o resultado desta relación informacional provoca un cambio cog-



Entre a bioloxía e a comunicación

Alfredo Marcos é doutor en Filosofía e profesor na Universidade de Valladolid. O seu interese pluridisciplinar levouno a escribir máis dunha ducia de libros e preto do medio cento de artigos de investigación de filosofía da bioloxía, filosofía da información, filosofía xeral da ciencia, etc. Os seus traballos sobre a teoría da información fixeron que chegase a ser un dos principais estudosos en España do eido.

noscitivo. O suxeito que antes non sabía, ou sabía con incerteza, vai saber ao final. Polo tanto, o efecto da información é o coñecemento.

Como se relacionarían, entón, a actividade da ciencia e a información?

A ciencia achega información. Os resultados da ciencia, tanto teóricos como empíricos, poden ser tomados coma unha mensaxe, que postos en relación cun determinado suxeito e dentro dunha referencia, xera unha relación informacional. Por outra banda, temos unha ciencia da información moi interdisciplinaria. Na actualidade contamos tamén unha póla da filosofía moi dinámica chamada filosofía da información. Un dos seus máximos representantes, Floribus, da Universidade de Oxford, está a aglutinar o conxunto de traballos que, de xeito un tanto disperso, se están levando a cabo neste eido.

Á hora de entender a relación entre a ciencia e os medios de comunicación, é suficiente con pensar que esta relación é unidireccional ou é preciso asumir unha concepción diferente? É dicir, algúns consideran que os medios de comunicación son coma unha especie de canle aséptica de información, mentres que outros afirman que temos que ter en conta outros aspectos nesta transmisión. Que pensa vostede?

Hai unha teoría clásica da información científica chamada modelo de déficit que di que os medios de comunicación teñen que levar a información dende onde se produce ata onde falta. É dicir, dende a comunidade científica cara ao gran público. A día de hoxe, pénsase que este modelo é moi simple. A comunicación da ciencia tense que producir en varias direccións. O xornalista científico non só leva a información dende a comunidade científica ao público, senón tamén conduce os esta-

dos de opinión sobre a ciencia á comunidade científica, cara aos políticos, etc.. Os medios de comunicación teñen que exercer coma nodos de transmisión da información científica en todas as direccións, como un lugar para o debate, incluso é interesante que o xornalismo científico se poida desenvolver en tódolos xéneros periodísticos posibles. De feito, pode haber xornalismo científico de opinión. É dicir, cabe facer información científica de tipo crítico, elaborando o que se podería chamar xornalismo científico de opinión. Polo tanto, a tarefa dos medios de comunicación á hora de transmitir datos científicos non é tan doada como di o modelo unidireccional, hai outras moitas funcións, e todas elas configuran o que chamamos como comunicación da ciencia.

Poderíase dicir, entón, que as políticas científicas que se fagan deben incluír aos medios de comunicación?


Por suposto. E os medios de comunicación que traten de cuestións científicas deben incluír as políticas científicas. É preciso comunicar a actividade científica no seu conxunto, non só os resultados senón as políticas científicas, os procedementos, as posibilidades de impacto, os riscos...

Pero os que nos dedicamos a isto atopámonos coa reticencia dos científicos a colaborar cos medios...

Esta relación, dende o meu punto de vista, está mudando. Sobre todo en España, xa que nos países anglosaxóns a vinculación leva máis tempo e está máis clara. No noso país están trocando as cousas, os científicos achéganse cada vez máis aos medios e entenden que os precisan. Hai unha relación de beneficio mutuo. Ao mesmo tempo temos que facerlle entender ao xornalista que é preciso manexar a información con rigor. Por outra banda, é preciso facerlle entender ao científico que o rigor científico non é o mesmo que o rigor periodístico. O xornalista ten que chegar ao seu público e ten que mudar algo a mensaxe sen modificar o seu sentido último. O científico ten que aceptar certa flexibilidade na transmisión da mensaxe.

Ás veces cando se fala cos científicos eles entenden a divulgación como a transmisión do que un fai, pero a comunicación da ciencia ten implicacións políticas, sociais e incluso democráticas. Entón, semella que é unha tarefa pendente que os científicos entendan isto...

Non só iso, transmitir uns datos pode ser divulgación, non simple difusión. É preciso adaptar a mensaxe para que



exista divulgación. Para que se produza isto hai que construír unha mensaxe nova, baseada en datos científicos, pero completamente nova e orientada a un determinado público.

Como se podería mellorar a divulgación?

Temos que distinguir entre xornalismo científico e divulgación da ciencia. O xornalismo científico ten uns determinados valores baseados nun compromiso co lector. A divulgación científica, en cambio, pódese facer a través dos medios, pero tamén por outras canles: museos, películas, etc... Non toda a divulgación é xornalismo, nin todo o xornalismo é divulgación. Ámbalas actividades pódense mellorar mediante unha reflexión teórica, con estudos empíricos, que xa se están a facer, e mediante a formación dos profesio-

nais que se dedican a isto, que tamén se está facendo.

Non habería tamén que formar aos científicos?

Por unha banda, hai que formar aos que traballan nos medios e algúns científicos xa empezan a recibir formación sobre retórica da ciencia, etc. Hai centros que contratan aos seus propios xornalistas para que sirvan de interface e medien cos problemas propios do xornalismo científico, tales coma o ritmo. É preciso ter en conta que a prensa funciona con ritmos moi rápidos namentres que o científico vai con ritmos máis lentos. Estes xornalistas saben que teñen que mediar con este desfase de ritmos. Estes desaxustes poden ser mellorados na medida en que haxa profesionais que entendan ben ámbalas caras e xa principia a habelos.